

*Chega o Nadal,
Nadaliño, Nadalón,
cunha morea de libros,
e unha canción.*



Boletín de Nadal



Para os máis pequenos da casa (e non tan pequenos!).



Estes dous libros ilustrados cóntanos senllas historias lúdico- rítmicas nun galego e inglés que todos podemos entender. Unha oportunidade para practicar en familia a lingua de Shakespeare.



De 12 a 14



Un libro ilustrado sinxelo para acercarnos un pouco ao noso sistema solar, aos planetas que o forman, os seus satélites, as nebulosas, as galaxias,... Un paso previo para poder ir ao observatorio astronómico. Tamén podemos aproveitar as súas explicacións para observar as constelacións e a Venus nestas noites escuras e despexadas de inverno.

Este libro sorprendeunos moito. É moito máis que un libro sobre Verne. A figura dun dos nosos escritores favoritos é a escusa para facer un percorrido polas rúas de Vigo, e, tamén unha defensa da Natureza. A estancia de Verne na cidade olívica, nesta ocasión, nada ten que ver co seu iate avariado, senón sobre unha rara especie de plantas. Ao final, as Illas Cíes teñen un gran protagonismo na historia. Tamén tendes a opción de lelo en galego.



Incorporarse ao curso cando todos xa comezaron é difícil para calquera idade, pero se ademais non falan é máis complicado, pero... todo cambia cando unha mestra di que ela é un monstro,... A importancia das palabras que vamos aprendendo e dan forma e sentido ao que non entendiamos,...

A música atemporal dos Beatles adaptada para os máis pequenos nun pequeno conto, no que un osiño pérdese nun submarino amarelo.



A partir de 15 a 16




Cantas aplicacións empregaches para modificar as túas fotos? Este libro é unha ferramenta imprescindible para os que lle gustan crear dun xeito orixinal álbums de fotos, axendas, diarios, ... O límite é a túa imaxinación.

Unha historia trepidante que nos fai rematar o libro nun anaco. Pequena novela histórica ambientada en Roma con todos os seus tópicos: emperadores, soldados, filósofos,...



Ás redes sociais están moi presentes na nosa vida e moitas veces condiciónana moito: na nosa relación de familia, no traballo, nos estudos. O móbil chegou para quedarse.

A febre do ouro, un territorio case salvaxe como Alaska contada a través das peripecias dun can, Buck que adáptase ao novo medio no que lle toca vivir.



A partir de 16




Se che gusta cantar iste é un dos libros do Salón do libro Infantil 2015, pero divirte tanto a grandes como non tan grandes. Se che gusta cantar, este libro música sorprende.

Unha rapaza, nacida princesa, pero que non quere ser o que a súa familia espera dela. Escapando da escuridade que é o seu mundo, en busca da luz atopará aventuras e personaxes interesantes.



A Idade Media de fondo, unha historia de amor, Princesas e Cabaleiros, unha maldición,... Todo un tópico marco pero para unha historia trepidante e amable.

Este é un libro ilustrado cun certo sabor a libro de viaxes que tan ven describiron os naturalistas ingleses nos seus journals e agora vólvense a escribirse tanto de ambientes urbanos, cosmpolitas ou rurais.





Para nais/pais/e demais adultos.



Unha visión nova, renovada e algo cambiada da figura de Rosalía de Castro. Un libriño de poemas e música que na voz de Uxía Senlle cobra un sentido innovador, orixinal. Música, poesía e debuxo fúndense nunha soa obra.

Anatomía, átomos, estrelas, novas teorías para entender como xurdiu o universo na linguaxe directa e sinxela de Xurxo Mariño. Mitoloxía, viñetas, infografías,... Seriedade e ameneidade nun libro por descubrir. Acabarese a Terra? Morrerá o Sol?



Este é un libro baseado nun feito real : a vacina da variola posta a uns nenos de varios hospicios e forman parte dunha particular expedición: A Expedición do doutor Balmis. Un libro que relata a dura situación da vida a principios do século XIX. Gustará ou non, pero non deixa indiferente. Unha profunda reflexión dunha época cun vista de adulto.

A neve, un neno orfo, dous irmáns acomodados, o amor, a morte,... Un clásico da menos coñecida das irmáns Brontë. Perfecto para unha tarde de inverno.

